

**REUNIÓN DA COMISIÓN 4.^a,
EDUCACIÓN E CULTURA**

Día: 02.03.2017 Hora: 10:30

A Comisión 4.^a, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 2 de marzo de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en Comisión

- 1.1 2706 (10/POC-000362)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a valoración pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dos pagamentos das indemnizacións establecidas na Sentenza núm. 2324/2016, do 28 de outubro de 2016, do Tribunal Supremo, de responsabilidade patrimonial en relación coas licenzas de construción sobre un xacemento arqueolóxico inventariado en San Cibrao-Cervo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017
- 1.2 2795 (10/POC-000403)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Gil, César Manuel e 5 máis
Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para traballar na atención á diversidade no ensino
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017
- 1.3 2797 (10/POC-000404)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Gil, César Manuel e 5 máis
Sobre os intereses dos alumnos e das alumnas galegas á hora de solicitaren materias de libre configuración nos seus estudos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017
- 1.4 3637 (10/POC-000603)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre os datos referidos ao alumnado con discapacidade auditiva matriculado nos centros de ensino secundario e o cumprimento neles do artigo 7 da Lei 27/2007, do 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 55, do 30.01.2017


- 1.5 3755 (10/POC-000627)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a actuación da Xunta de Galicia en relación co desenvolvemento
dalgunha campaña arredor da figura de Maruja Mallo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 55, do 30.01.2017

- 1.6 4266 (10/POC-000729)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre os datos referidos ás irregularidades denunciadas polos axentes da
Dirección Xeral de Tráfico nos autobuses que prestan o servizo de
transporte escolar en Galicia, a valoración e as medidas previstas pola
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 63, do 09.02.2017

- 1.7 4877 (10/POC-000846)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as razóns que propiciaron a dimisión da metade dos membros do
tribunal de selección de actores e actrices para a posta en escena de dúas
obras de Valle-Inclán polo Centro Dramático Galego, así como as
actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir a liberdade
artística dese tribunal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70, do 21.02.2017

Punto 2. Proposicións non de lei en Comisión

- 2.1 4467 (10/PNC-000426)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do impulso da
redución ao 4 % do tipo impositivo do IVE aplicable aos produtos e
servizos culturais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 62, do 08.02.2017



Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2017



Antonio Mouriño Villar^{REXISTRO}
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Antonio Mouriño Villar na data 24/02/2017 16:49:18

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 4.ª, EDUCACIÓN E CULTURA** POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Antonio Mouriño Villar

P

Vicepresidente

Carlos Enrique López Crespo

P

Secretaria

Luca Chao Pérez

EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez

S

María Ángeles Antón Vilasánchez

P

María de la Concepción Burgo López

S

María de los Ángeles Cuña Bóveda

EM

Teresa Egerique Mosquera

P

César Manuel Fernández Gil

P

Carlos Gómez Salgado

P

Olalla Rodil Fernández

BNG

Moisés Rodríguez Pérez

P

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 02.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 02.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 2706(10/POC-000362)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a valoración pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dos pagamentos das indemnizacións establecidas na Sentenza núm. 2324/2016, do 28 de outubro de 2016, do Tribunal Supremo, de responsabilidade patrimonial en relación coas licenzas de construción sobre un xacemento arqueolóxico inventariado en San Cibrao-Cervo

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017



Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo e Xosé Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á Sentenza núm. 2324/2016 do 28 de outubro de 2016 do TS de Responsabilidade patrimonial. Aproveitamento patrimonializado por licenzas de construción sobre un xacemento arqueolóxico inventariado en San Cibrao–Cervo.

Con data 28 de outubro de 2016 a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo – Sección Quinta ditou sentenza ante un recurso de casación interposto por Promocións San Ciprián S.L. contra sentenza do TSXG de Galiza, sendo favorábel á promotora, que reclama danos e prexuízos pola paralización da construción de tres edificacións ditada por resolución da Dirección Xeral de Patrimonio de data 28 de xuño de 2010, motivada na existencia no espazo a ocupar polas construcións do denominado Castro de Punta Atalaia constatada por informes arqueolóxicos e que consta no inventario de bens arqueolóxicos da Xunta de Galiza.

Consta no fundamento de dereito primeiro da citada sentenza que o Concello de Cervo concedeu licenzas de construción Promociones San Ciprián S.L. o 1 decembro de 2006, e o 14 abril de 2007 para a construción respectivamente de 34 e 26 vivendas. Anteriormente, o 28 de novembro de 2006, fóralle concedida outra licenza na mesma zona para a construción de 42 vivendas. Foi con motivo das escavacións realizadas pola promotora para a cimentación deste bloque de vivendas no que apareceron restos arqueolóxicos que motivaron a intervención da Delegación de Cultura en Lugo remitindo data 4 de xuño de 2007 ao Concello de Cervo orde de paralización das obras realizadas pola promotora que o concello non tramita, sendo necesaria unha segunda orde da



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2016 10:27
Nº Registro: 2706
Data envío: 29/12/2016 10:27:37.960

Delegación provincial o 7 de xuño que finalmente é comunicada polo concello ao promotor o 8 de xuño; durante eses días foi baleirado un espazo de arredor de 1.000m² de todo vestixio arqueolóxico existente. Con todo, catas arqueolóxicas posteriores realizadas nas outras dúas parcelas propiedade de Promociones San Ciprián S.L. levaron a incluír o Castro de Punta Atalaia en San Cibrao no Inventario de Bens Arqueolóxicos da Xunta.

Consta no fundamento segundo da sentenza que con anterioridade á concesión das licenzas, en concreto no ano 2005, o concello xa era coñecedor da existencia dun xacemento arqueolóxico na zona polo inventariado con clave GA27013006 dun grande asentamento castrexo romanizado. Relátase neste fundamento segundo que “tal circunstancia, daría eventualmente dereito a repetir contra dito concello, si da comunicación efectuada se inferise a imposibilidade ou inconveniencia de outorgar as licenzas”. Débese engadir que o propio concello tampouco pode alegar descoñecemento da existencia de xacementos arqueolóxicos na zona dado que en maio de 2004 o pleno da corporación aprobaba a exposición pública do AVANCE do PXOM que incluía un informe da empresa Moenia Arqueoloxía sobre a Atalaia, reservando unha zona de protección pola existencia de restos arqueolóxicos.

Segundo consta en noticias de prensa, o BNG denunciou a posíbel irregularidade das tres licenzas de construción concedidas, pola evidencia de que o goberno local tiña constancia previa de restos arqueolóxicos, e polo incumprimento das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal por non ter requirido do promotor un Estudo de Detalle previo tal como ditan as normas de urbanismo aínda hoxe vixentes no Concello de Cervo.

A sentenza ditamina o abono a Promociones San Ciprián S.L. de unha indemnización pola redución do aproveitamento patrimonializado nas licenzas outorgadas o 1 de decembro de 2006 e o 18 de abril de 2007, así como ao reintegro dos gastos satisfeitos polos proxectos, licenzas e promoción inmobiliaria, cantidades que se concretarán en trámite de execución de sentenza con arreglo aos parámetros establecidos no F.D. Segundo da propia sentenza, cantidades que se incrementarán co interese legal



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2016 10:27
Nº Rexistro: 2706

Data envío: 29/12/2016 10:27:37.960

desde a data de presentación da reclamación en sede administrativa ate o seu completo pago.

Conforme ao exposto preséntanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1.- Ten calculada a Consellaría de Cultura o importe das indemnizacións que terá que abonar á promotora San Ciprián S.L. despois da sentenza?

2.- Que efectos terá sobre o orzamento de gasto da Dirección Xeral de Patrimonio ter que asumir os pagos destas indemnizacións?

3.- Considera a Consellaría de Cultura a posibilidade, tal como se abre na propia sentenza, que a promotora pode solicitar tamén indemnizacións ao Concello de Cervo?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2016

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Ana Belén Pontón Mondelo

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2016 10:27
Nº Rexistro: 2706

Data envío: 29/12/2016 10:27:37.960

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 29/12/2016 10:27:02

Ana Pontón Mondelo na data 29/12/2016 10:27:07

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/12/2016 10:27:11

María Montserrat Prado Cores na data 29/12/2016 10:27:15

Noa Presas Bergantiños na data 29/12/2016 10:27:16

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2016 10:27:20

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 02.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 2795(10/POC-000403)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para traballar na atención á diversidade no ensino

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2016 16:30
Nº Rexistro: 2795
Data envío: 30/12/2016 14:26:08.656**

A Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, Moisés Blanco Paradelo, Teresa Egerique Mosquera, Martín Fernández Prado, Carlos E. López Crespo e Carlos Gómez Salgado, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en Comisión**.

A atención á diversidade pode considerarse como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Neste eido da atención á diversidade, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten logrado grandes avances ata chegar a converter ao sistema educativo galego, segundo sinalan todos os indicadores, no sistema máis inclusivo de todo o estado español.

Estes datos son unha realidade grazas a un excelente labor de cooperación educativa no que gran parte do éxito radica no talento e talante dos profesionais e voluntarios que traballan nas diversas entidades que axudan a construír un sistema educativo máis inclusivo, integrador e onde se garante a igualdade de oportunidades.

En definitiva, a colaboración coas entidades dedicadas á atención da diversidade é un pilar fundamental para sustentar o éxito dun sistema educativo no que a inclusión e a atención á diversidade sexan un dos eixos sobre os que xira o ensino en Galicia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

Qué colaboracións está a manter a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para traballar na atención á diversidade no ensino?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 30/12/2016 14:15:10

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2016 16:30
Nº Rexistro: 2795
Data envío: 30/12/2016 14:26:08.656**

Moisés Blanco Paradelo na data 30/12/2016 14:15:28

Teresa Egerique Mosquera na data 30/12/2016 14:16:04

Martín Fernández Prado na data 30/12/2016 14:16:17

Carlos Enrique López Crespo na data 30/12/2016 14:16:25

Carlos Gómez Salgado na data 30/12/2016 14:16:33

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 02.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 2797(10/POC-000404)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 5 máis

Sobre os intereses dos alumnos e das alumnas galegas á hora de solicitaren materias de libre configuración nos seus estudos

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2016 16:30
Nº Rexistro: 2797
Data envío: 30/12/2016 14:26:39.250

A Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, Moisés Blanco Paradelo, Teresa Egerique Mosquera, Martín Fernández Prado, Carlos E. López Crespo e Carlos Gómez Salgado, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en Comisión**.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 31, dispón que é competencia plena da Comunidade Autónoma galega regular e administrar o ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o punto primeiro do seu artigo 81, o desenvolvan, e das facultades que lle atribúe ao Estado o artigo 149.1°.30 da Constitución.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na redacción dada pola Lei 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establece no seu artigo 6 bis 2, tanto para a etapa de primaria como para as de educación secundaria e bacharelato unha distribución de materias en tres bloques: troncais, específicas e de libre configuración autonómica. Respecto de cada un dos bloques regula competencias e funcións distintas para cada unha das administracións, a estatal e a autonómica, e para os centros docentes.

Ao abeiro deste marco legislativo a consellería de cultura, educación e ordenación universitaria presentou, por medio da orde do 15 de xullo de 2015 a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, orde na que tamén se regula o seu currículo e a súa oferta.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas oral en Comisión:

1. Cales son os intereses dos alumnos e alumnas galegas á hora de solicitar materias de libre configuración nos seus estudos?
2. Que asignaturas teñen mais demanda?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2016 16:30
Nº Rexistro: 2797**
Data envío: 30/12/2016 14:26:39.250

César Manuel Fernández Gil na data 30/12/2016 14:18:38

Moisés Blanco Paradelo na data 30/12/2016 14:18:46

Teresa Egerique Mosquera na data 30/12/2016 14:18:52

Martín Fernández Prado na data 30/12/2016 14:19:01

Carlos Enrique López Crespo na data 30/12/2016 14:19:21

Carlos Gómez Salgado na data 30/12/2016 14:19:28

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 02.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 3637(10/POC-000603)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre os datos referidos ao alumnado con discapacidade auditiva matriculado nos centros de ensino secundario e o cumprimento neles do artigo 7 da Lei 27/2007, do 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas

Publicación da iniciativa, 55, 30.01.2017



MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA** para a súa resposta **oral na Comisión 4.ª**, sobre a situación do alumnado con discapacidade auditiva nos centros de ensino.

A Lei 27/2007, do 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e sordocegas, é a norma que establece as medidas e garantías necesarias para que as persoas xordas, con discapacidade auditiva e sordocegas poidan, libremente, facer uso das lingua de signos e/ou dos medios de apoio á comunicación oral en todas as áreas públicas e privadas, coa fin de facer efectivo o exercicio dos dereitos e liberdades constitucionais, e de maneira moi especial o libre desenvolvemento da personalidade e o dereito á educación e a plena participación na vida política, económica, social e cultural.

Dita lei, no artigo 7 establece o xeito no que as Administracións velarán polo dereito á educación destas persoas, para as que a aprendizaxe non só require un esforzo extra, senón a mediación de intérpretes profesionais

“Artigo 7. Da aprendizaxe na Formación Regrada.

1. As Administracións educativas disporán dos recursos necesarios para facilitar naqueles centros que se determine, de conformidade co establecido na lexislación educativa vixente, a aprendizaxe das linguas de signos españolas



ao alumnado xordo, con discapacidade auditiva e sordocego que, de acordo co especificado no artigo 5.c) desta Lei, optase por esta lingua. No caso de que estas persoas sexan menores de idade ou estean incapacitadas, a elección corresponderá aos pais ou representantes legais.”

Sen embargo, novas aparecidas recentemente nos xornais, alértannos de carencias importantes que afectan á inclusión do alumnado con discapacidades auditivas nos nosos centros de ensino secundario, vendo cercenado o seu dereito a unha educación pública e de calidade.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

1. Con respecto ao acceso á educación secundaria: cantos alumnos e alumnas xordas ou con discapacidade auditiva están matriculados nos nosos centros de educación secundaria?
2. Cantos intérpretes desenvolven a súa labor nos centros docentes de Galicia?
3. Do total do alumnado con xordeira: cantos deles teñen acceso a unha intérprete de lingua de signos na aula? Como se xestiona a solicitude dese recurso? Canto tempo leva a súa tramitación?
4. Nos casos onde a presenza dun intérprete é un feito, do total de horas lectivas á semana, cantas se cobren co mesmo?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2017 09:30
Nº Rexistro: 3637
Data envío: 17/01/2017 19:38:51.339



5. Cantos docentes teñen formado parte dos plans de formación para o profesorado que atende o alumnado xordo, con discapacidade auditiva e sordocego?

6. Os servizos de interpretación á lingua de signos: asúmeos a administración educativa ou directamente están externalizados?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 17/01/2017 18:59:05

Luca Chao Pérez na data 17/01/2017 18:59:13

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 02.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 3755(10/POC-000627)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a actuación da Xunta de Galicia en relación co desenvolvemento dalgunha campaña arredor da figura de Maruja Mallo

Publicación da iniciativa, 55, 30.01.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 12:35
Nº Rexistro: 3755
Data envío: 19/01/2017 12:35:47.854

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Xosé Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

A Real Academia Galega de Belas Artes homenaxea en 2017 a pintora viveirense Maruja Mallo na segunda edición da conmemoración do Día das Artes Galegas que o pasado ano acolleu a figura de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

A pintora, nada en Viveiro (A Mariña) en 1902 foi elixida pola Academia debido á “importancia” da súa obra no marco do surrealismo mais tamén polo seu vangardismo e participación na defensa dos dereitos das mulleres. María Zambrano chegou a afirmar que Mallo “cometeu un dos erros máis destrutivos e imperdoábeis: ser libre”.

Maruja Mallo viviu en Madrid, onde se formou como pintora, tempo no que mantivo relación con artistas como Salvador Dalí, Federico García Lorca, José Ortega y Gasset, María Zambrano, Rafael Alberti ou Pablo Neruda, entre outros.

Alén do Estado español e como parte das experiencias recollidas durante a súa estada en París cunha bolsa para a ampliación de estudos coñeceu Max Ernst, René Magritte, Joan Miró, Giorgio de Chirico e outros), e participou en parladoiros con André Breton e Paul Éluard.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 12:35
Nº Rexistro: 3755

Data envío: 19/01/2017 12:35:47.854

Maruja Mallo tería que exiliarse despois do golpe de estado fascista en 1936 pola súa fervente defensa da II República. Tras un breve paso por Portugal viaxou a América onde pasaría os seus últimos anos entre Arxentina e Estados Unidos.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Ten programada algunha campaña ou actividade a Xunta de Galiza con motivo da homenaxe a Maruja Mallo no Día das Artes Galegas 2017?

- Planificou a Consellaría de Educación algunha campaña dirixida a socializar a figura de Maruja Mallo entre o estudiantado galego?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 12:35
Nº Rexistro: 3755

Data envío: 19/01/2017 12:35:47.854

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 19/01/2017 12:34:11

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/01/2017 12:34:16

María Montserrat Prado Cores na data 19/01/2017 12:34:20

Xosé Luis Bará Torres na data 19/01/2017 12:34:21

Noa Presas Bergantiños na data 19/01/2017 12:34:25

Ana Pontón Mondelo na data 19/01/2017 12:34:28

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 02.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 4266(10/POC-000729)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos ás irregularidades denunciadas polos axentes da Dirección Xeral de Tráfico nos autobuses que prestan o servizo de transporte escolar en Galicia, a valoración e as medidas previstas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ao respecto

Publicación da iniciativa, 63, 09.02.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Luis Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Recentemente a Dirección Xeral de Tráfico levou a cabo unha campaña especial de vixilancia dos transportes escolares.

Segundo publica a propia Dirección Xeral de Tráfico, as irregularidades administrativas son as que maior número de denuncias xeraron. Por exemplo, non dispoñer da autorización especial para realizar transporte escolar, non ter subscrito un seguro de responsabilidade ilimitado, como esixe a lei, ou mesmo presentar deficiencias nas portas de servizo e emerxencias, así como nos seus dispositivos de accionamiento.

A prensa recolle que no caso da nosa comunidade autónoma, en Galicia foron controlados 299 autobuses escolares neses cinco días, e nas inspeccións os axentes denunciaron 89 vehículos nos que detectaron 129 infraccións. A maioría das denuncias (73) foron impostas por carecer da autorización especial para a realización do servizo de transporte escolar, mentres que a segunda infracción máis detectada nos autobuses escolares galegos estaba relacionada coa existencia de deficiencias nos sistemas de apertura e peche das portas de servizo e de emerxencia.

A porcentaxe de vehículos denunciados sobre os controlados supón o 29,76 %. Sen cuestionar a seguridade do transporte escolar e a probada profesionalidade e responsabilidade das persoas que conducen os vehículos (que se reflicte na baixa ou moi baixa sinistralidade), esta información ten provocado alarma e preocupación na comunidade escolar, con maior intensidade, como é lóxico, nas nais e pais e titores legais do alumnado transportado.

Segundo os datos da propia Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no curso 2016-2017, estímase que o número de usuarios do servizo de transporte escolar na rede pública de ensinanza da comunidade autónoma podería ascender a 94.240 e segundo as estimacións da Dirección Xeral de



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2017 18:07
Nº Rexistro: 4266
Data envío: 30/01/2017 18:07:36.619



Grupo Parlamentario

Tráfico, aproximadamente 230.000 alumnos e alumnas empregan diariamente este servizo en España. Polo tanto, preto do 41 % do alumnado transportado no Estado corresponde a Galicia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ante esta situación, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) En que liñas, e de que centros foron detectadas e denunciadas as irregularidades?

2ª) Que valoración fai a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da situación exposta?

3ª) Que medidas vai adoptar a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria coas empresas de transporte escolar denunciadas?

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 30/01/2017 18:05:19

María de la Concepción Burgo López na data 30/01/2017 18:05:29

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 02.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 4877(10/POC-000846)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as razóns que propiciaron a dimisión da metade dos membros do tribunal de selección de actores e actrices para a posta en escena de dúas obras de Valle-Inclán polo Centro Dramático Galego, así como as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir a liberdade artística dese tribunal

Publicación da iniciativa, 70, 21.02.2017



Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luis Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Acaba de dimitir a metade dos membros do tribunal encargado da selección de actores para as dúas obras de Valle-Inclán -A filla do capitán e As galas do defunto-, que o Centro Dramático Galego vai poñer en escena, debido á falta de liberdade para realizar a súa función e as trabas postas pola Administración á labor creativa.

Consideramos que esta situación é grave, porque indica unha inxerencia inaceptable da Administración na labor dun tribunal, máxime cando xa houbo dúbidas sobre o desenvolvemento deste proceso de selección de actores e actrices cando se cambiaron os requisitos sobre o coñecemento esixido de galego.

É necesario que a Consellería de Cultura e Agadic dean explicacións inmediatas sobre o sucedido con este tribunal de selección.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.ª) Que motivos propiciaron a dimisión da metade dos membros do tribunal de selección de actores e actrices para o CDG?
- 2.ª) Houbo inxerencias políticas na selección de actores e actrices para as novas producións do CDG?
- 3.ª) Como vai garantir a Xunta a liberdade artística do tribunal encargado da selección?

Pazo do Parlamento, 10 de febreiro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 10/02/2017 11:07:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2017 12:04
Nº Rexistro: 4877
Data envío: 10/02/2017 12:04:18.726

 **Grupo Parlamentario**



Luis Manuel Álvarez Matínez na data 10/02/2017 11:07:56

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 02.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 02.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 4467(10/PNC-000426)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do impulso da redución ao 4 % do tipo impositivo do IVE aplicable aos produtos e servizos culturais

Publicación da iniciativa, 62, 08.02.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, sobre o IVE cultural.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

De acordo coa Constitución, os poderes públicos deben promover e tutelar o acceso á cultura á que todos temos dereito, e corresponden ás comunidades autónomas, as competencias no seu fomento. Con todo, unha das poucas responsabilidades que claramente corresponden ao Estado en política cultural, é a de establecer a fiscalidade que grava os bens e servizos culturais. E neste sentido, esta fiscalidade debería adecuarse ás características de ben de interese xeral, explicitamente protexido pola Constitución, tal como ocorre na práctica totalidade de estados europeos.

O IVE representa unha dificultade económica engadida nun ben en principio que debe ser protexido polas administracións (tal e como establecen a Constitución e o Estatuto de Autonomía), a cultura, e que se ve ameazado gravemente.

Establece agravios comparativos entre sectores como o sector das artes escénicas e o cine respecto ao sector editorial (o primeiro gravado ao 21% e o segundo ao 4%)

Baséase nun criterio de soporte máis que de contido: O IVE reducido séguese aplicando a todo tipo de publicación periódicas, desde motor, caza ou



pornográficas (cun 4%) e pola contra tarifica o IVE normal o libro dixital ao considerarse servizo informático (21%).

Prexudica ao sector cultural respecto a outras ofertas de ocio como o fútbol e outros espectáculos.

Supón un elemento desestabilizador no modelo de negocio nun momento no que a piratería e a adaptación cara o modelo dixital fan abanear as industrias culturais.

É fiscalmente contraproducente en global ao producir unha baixada na cifra de emprego no sector cultural, e polo tanto, unha baixada na recadación.

Lastra o acceso á cultura, reduce a capacidade dos espectadores e encarece o prezo das entradas.

Envía unha mensaxe negativa á sociedade ao equiparar os produtos culturais a unha mercadoría ou servizo de consumo calquera. Sen considerar o valor intrínseco da cultura (teatro, danza, circo, música en vivo, cinema...) e asimilándoo a un entretemento superfluo ou mero recurso instrumental.

Algúns grupos e compañías resisten, outras moitas xa non están.

A cultura crea emprego, xera oportunidades e pode formar parte dun novo modelo produtivo que debera impulsar o Goberno Galego e o Goberno Estatal.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a esixir do Goberno Central que impulse, de forma urxente, a redución do tipo impositivo do IVE aplicable aos produtos e servizos culturais, tal e como ocorre na case totalidade dos Estados membros da Unión Europea, situándoo na porcentaxe do 4 % ?



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2017 18:15
Nº Registro: 4467
Data envío: 02/02/2017 18:15:52.174

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 02/02/2017 18:12:16

Luca Chao Pérez na data 02/02/2017 18:12:26

Luis Villares Naveira na data 02/02/2017 18:12:34